

**Acta núm. 05/2025.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 1 de abril de 2025.**

**ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
María Rosa Romero Fariña.  
Carlos Noya Pereira.

Non asiste: José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 1 de abril de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2025, DO 11/03/2025.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA.
- 6º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2025, DO 11/03/2025.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 11.03.2025, acta núm. 04/2025.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RODRIGO ESPASANDÍN IGLESIAS, na que comunica que vai executar obras nunha parcela sita en Sabaxáns nº 49 - Bastavales, consistentes en:

- Arranxar un muro existente, con fronte a estrada autonómica AC -300. O peche actual ten unha base de bloque tipo split de 50 cms. de alto, coroadado cunha reixa ata unha altura total de 1.50 m.
- Construír un peche no lateral da parcela dunha lonxitude de 20 m. e unha altura de 1.60 m.

A parcela (referencia catastral 7918908NH2471N0001LS) onde se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima do peche frontal que se pretende arranxar non poderá superar 1,80 metros de altura, medidos desde a beirarrúa, e a parte opaca do mesmo non poderá superar a altura 1,20 metros.
- O peche lateral que se pretende construír non poderá superar a altura máxima de 1,80 m., e a parte opaca do mesmo non poderá superar a altura 1,20 m., si se executa en fabrica de bloque que deberá de quedar revestido e pintado.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,70 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 81,27 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ESTEFANÍA RODRÍGUEZ BARBAZÁN, na que comunica que vai levantar un peche perimetral nunha parcela rústica sita nas inmediacións da aldea da Pedreira – Luaña. O peche terá unha lonxitude aproximada de 530 metros lineais, dos que 60 están en contacto cun vial público, e farase con malla galvanizada e postes de aceiro intercalados.

A parcela (referencia catastral 15013A022000820000UE) onde se pretenden executar as obras sitúase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal e atópase dentro da zona de policía de leitos dun rego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 04.03.2025 (clave DH.W15.107171) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche non superará a altura máxima de 1,50 metros, postes incluídos, e a parte que está en contacto co vial público, deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 137,10 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 201,67 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROBERTO GALÁN FERNÁNDEZ, na que comunica que vai executar unha beirarrúa de 1 metro de ancho, ao redor da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 49 – Os Ánxeles. Tamén vai instalar unha porta de PVC na fachada traseira da vivenda para dar acceso ao xardín.

A parcela (referencia catastral 6246128NH2464N0001ZD) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 64,47 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 129,04 euros.

**d)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO CÉSAR DÍAZ SÁNCHEZ, na que comunica que vai limpar con auga a presión a cuberta da vivenda sita en Coruxido 34 – Bastavales.

A edificación (referencia catastral 7502233NH2470S0000OW) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**e)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN ZULUETA VILARIÑO, na que comunica que vai limpar con auga a presión a cuberta da vivenda sita na urbanización Agro Novo nº 46 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6346702NH2464N0001KD) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**f)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARÍA CAMPOS RIVEIRO, na que comunica que vai arranxar parte do aleiro da cuberta da vivenda sita no lugar de Soigrexra

nº 5 – Os Ánxeles, que se atopa en mal estado. As obras consisten en substituír parte da cobertura de tella afectada (30 m<sup>2</sup>), reparar o aleiro de pedra e recolocar o canalón existente.

A vivenda (referencia catastral 6743126NH2464S0000HB) na que se van executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e atopase dentro da zona de protección de varios elementos integrados no catálogo do PXOM de interese cultural: a igrexa dos Ánxeles (clave: AR1) e entorno da igrexa (clave AE7 e AE9), e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O acabado da tella a substituír deberá ser de cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
  - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,00 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 104,57 euros.

**g)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ARMAS GONZÁLEZ, na que comunica que vai limpar a cuberta, os canalóns e baixantes da vivenda sita en Reboredo Grande nº 10 – Bastavales. Tamén se pretende substituír as tellas que se atopen en mal estado por outras novas de similares características.

A parcela (referencia catastral 6424108NH2462S0001YP) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona Leste ( ordenanza nº 8: NRL-1), e sitúase na aldea de Reboredo Grande que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: XBE2, e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
  - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,56 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 122,13 euros.

**h)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ibercya Global Project S.L., que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN MONTE BALADO BLOQUES 3 e 4, na que comunica que vai reparar a cuberta do edificio de vivendas da Urbanización Monte Balado bloque 4 (portais 14 e 16) - Os Ánxeles. As obras a executar consonte co proxecto asinado en data 13.01.2025 polo arquitecto técnico Alfredo Amigo Santasmarinas consisten en:

- Retirada da cobertura actual de tella cerámica plana.
- Retirar as ventás da cuberta, substituíndoas por outras similares, tipo velux.
- Colocación de nova cobertura (pranchas de fibrocemento) na totalidade dos dous faldóns da cuberta (2 augas) sobre rastreado de madeira, capa de illante térmico e rematado con tella cerámica curva por enriba.
- Substitución de canalóns.

A parcela (referencia catastral 6651702NH2465S0001RG) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia de data 21.03.2025 (clave DH.W15.107515) e do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.477,74 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 1.542,31 euros.

**i)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ERMITAS RIVAS MOSQUERA, na que comunica que vai rehabilitar a fachada da primeira planta da vivenda sita en Soigrex 17 – Os Ánxeles. As obras a executar consisten en lavar a fachada, selar as gretas da mesma e do perímetro das ventás e posterior pintado con pintura de caucho transpirable, en cor branca mate (mesma cor que a existente).

A parcela (referencia catastral 6743601NH2464S0001RZ) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e situase dentro da zona de afección dun elemento integrado no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, cruceiro de Soigrex (clave: AC8), e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 37,00 euros.

Total: 37,00 euros.

**j)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL CRESPO BLANCO, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no lugar de Coruxido 19 – Bastavales, substituíndo a tella vella existente por outra nova das mesmas características. Tamén vai limpar e pintar as catro fachadas da vivenda.

A parcela (referencia catastral 75505117NH2470N0001MK) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 404,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 469,17 euros.

**k)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Miguel Ángel Salgado Sánchez, que di actuar en representación de SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, na que comunica que vai executar un peche de varias parcelas destinadas a campamento turístico de cabanas, sitas na aldea de Vilanova.

Antecedentes:

1. Con data 30.01.2024 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a Segundo Ramón Barreiro López, para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas (“cabanas do río pego”) en Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 20.11.2023 e 14.12.2023 (expte. 2305857).

As obras consistirán na construción de peches perimetrais das parcelas, que terán unha tipoloxía distinta en función da zona na que se localizan:

- Peche tipo A: zócalo de formigón de 15 cm, postes metálicos colocados cada 2,30 m e peche opaco de táboas de madeira de 15x3 cm. Altura máxima do peche de 1,50m.
- Peche tipo B: zócalo de formigón de 15cm, postes metálicos colocados cada 2,30 m, e peche opaco (ata unha altura de 1,20 m) de táboas de madeira de 15x3 cm, e parte diáfana (dunha altura de 0,60 m) co mesmo tipo de táboa. Altura máxima do peche de 1,80 m.

- Peche tipo C: muro de contención de formigón armado, revestido e pintado, de 25 cm de espesor e 1 metro de altura, sobre o cal se executará un peche de táboas de madeira de 15x3 cm opaco ata 1,20 m e diáfano hasta 1,50 m.
- Peche tipo D: dúas filas de bloque enfoscado, revestido e pintado (30 cm de altura), postes de formigón colocados cada 2,50 m e reixa de arame plastificada de cor verde. Altura máxima de 1,80 m.
- Peche tipo E: dúas filas de bloque enfoscado, revestido e pintado, postes de formigón colocados cada 2,50 m (40 cm de altura) e reixa de arame plastificada de cor verde. Altura máxima de 1,50 m.
- Peche tipo F: (afectado pola zona inundable do Rego do Pego) postes de formigón colocados cada 2,50 m. e reixa de arame plastificada de cor verde. Altura máxima de 1,50 m.

O peche tipo A contará con 3 portas batentes de dúas follas e 3 portas de corredera, de 3,56 m de ancho. O peche tipo B contará cunha porta batente de dúas follas de 3,56 m. de ancho, e unha porta peonil de 1,1 m.

As parcelas nas que se pretenden executar as obras teñen dúas clasificacións: parcela catastral (núm. 7642805NH2474S0001KW) atópase en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 8 do PXOM (NRL-1), e as parcelas catastrais (15013A038005490000UY, 15013A038005500000UA, 15013B505007030000MG e 15013B505007040000MQ) están clasificadas como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

As parcelas atópanse dentro da zona de protección de leitos do rego do Pego e do rego de Sanín.

e o peche tipo F atópase nun área de risco potencial significativo ARPSI (Área de Risco Potencial Significativo de Inundación), cualificado como zona asolagable para un período estatístico de retorno de T=500 anos.

As obras situaranse a unha distancia mínima de 5,00 m. do rego de Sanín, e a unha distancia mínima aproximada de 64,00 m. do rego do Pego.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 31.01.2025 (clave DH.W15.105133), e do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 31.01.2025, (expediente DH.W15.105133).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 349,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 413,57 euros.

**l)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SABINO CALVO MORADO, na que comunica que vai reformar un baño da vivenda da urbanización Monte Balado nº 3 -1º. A reforma consistente en reaxustar as instalacións propias de fontanería e electricidade e substituír o alicatado, o pavimento e os sanitarios.

A edificación (referencia catastral 6550703NH2465S0001HG) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 65,50 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 130,07 euros.

**m)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ABEL ALAMILLO GORDO, na que comunica que vai instalar unha caseta exterior dedicada a sauna de 3,95 m<sup>2</sup>, no lugar de Quintáns nº 20 – Brión, a executar en leña co sistema de entramado lixeiro de madeira, cunha superficie construída en planta de (2,32 x 1,37 m) interiores e (2,44 x 1,62 m) exteriores.

A parcela (referencia catastral 5862702NH2456S0001GT) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e situase dentro da zona de afección dun regato.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 08.03.2025 (expte. DH.W15.102806), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpriranse as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 08.03.2025, (expediente DH.W15.102806).

- A sauna deberá de axustarse ós afastamentos indicados no plano de emprazamento aportado polo interesado.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,94 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 210,51 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**



**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar Estrar nº 42 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 16 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 20.02.2025.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 7039408NH2472S0000UQ) emprazase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 155,62 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,12 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 95,69 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para executar obras de modificación de apoios en distintos tramos do Concello de Brión, concretamente, na Avda de Santa Minia (cine A Mahía e carballeira de Santa Minia) e na aldea de Gundín, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez. Tamén se van a realizar tarefas de despregue de liña aérea sobre os tramos afectados, así como unha liña soterrada de baixa tensión de 52 ml, previa substitución da liña aérea existente.

As obras a executar na Avda. de Santa Minia afectan ao dominio público e/ou zona de protección da estrada autonómica AC-541, e sitúanse sobre terreos clasificados como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM, e as obras a executar en Gundín afectan a zona de dominio público da AC- 543, e sitúanse sobre terreos clasificados polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 21/02/2025 (expediente IF204A/AC/2024/0725), da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29.04.2024 (expediente SPR-2024-0783. AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Cumpriranse as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (expediente IF204A/AC/2024/0725), e na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29.04.2024 (expediente SPR-2024-0783. AUI).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 122,32 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 186,89 euros.

#### **CUARTO .- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Boris Morandeira Rodríguez, que di actuar en representación de LUIS CARLOS RISCO SALANOVA e MARÍA LUISA FRANCISCA JUANATEY DORADO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Fonteparedes 30 – Ons, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto Boris Morandeira Rodríguez, sen visar, de data 19.02.2025.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 1792606NH2419S0001HJ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

**.- Consonte co disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o inicio das obras autorizadas esixirá a presentación no concello dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda.**

**Coa devandita comunicación previa achegarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.**

**Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación esixida, e non poderá iniciar a obra en tanto non a obteña.**

**Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os retranqueos e a separación a linde, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.**

.- A obra axustarase estritamente ao antedito proxecto asinado polo arquitecto Boris Morandeira Rodríguez de data 19.02.2025.

.- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso ( 48,21m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- . A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- . Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado ( artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 48,21m<sup>2</sup>, destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de marzo de 2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.900,00 euros.
- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.996,03 euros.

#### **QUINTO.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA COMUNICACIÓN PREVIA OBRA.**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO ROMERO CES, na que comunica que pretende executar unha "instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo": (4,54 Kw + 5,46 Kw = 10 Kw), a partir da instalación fotovoltaica (coplanaria) existente na edificación auxiliar emprazada na traseira dunha parcela sita no lugar de Xinzo nº 31 – Bastavales, segundo a memoria técnica asinada con data 07.03.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis García Menéndez.

A parcela (referencia catastral: 9910649NH3491S0001QJ), na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pole edificación na zona leste (Ordenanza nº 8 PXOM: NRL-2).

Visto o informe desfavorable do arquitecto municipal do 20.03.2025, no que sinala:

## **INFORME TÉCNICO:**

### **1.- ANTECEDENTES. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN.**

1.- A partires da documentación técnica inicial aportada polo interesado e os conseguintes informes emitidos por parte deste técnico, requirindo documentación complementaria e aclaratoria, de conformidade ao establecido ao respecto polo artigo 146 da LSG e que regula o procedemento das comunicacións previas, apórtase por parte do interesado con data de 18.03.2025 memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis García Menéndez, asinada con data de 07.03.2024.

2.- De acordo coa documentación técnica aportada, preténdese executar unha "instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo": (4,54 Kw + 5,46 Kw = 10 Kw). A partires da instalación fotovoltaica (coplanaria) existente da edificación auxiliar emprazada na traseira da parcela.

3.- Tal e como se describe na presente memoria técnica, a saída do aeroxenerador a instalar estará limitada a unha potencia de 4,54 Kw, de forma que a suma de potencias do aeroxenerador de nova instalación e da instalación fotovoltaica existente non supere os 10 Kw.

4.- Non se aporta xustificación urbanística xa requirida e reiterada con anterioridade, como ben se esixe no artigo 146 da LSG:

*Artículo 146. Procedimiento para la tramitación de las comunicaciones previas.*

*1. Cuando se trate de actos sujetos al régimen de intervención municipal de comunicación previa, el promotor comunicará al ayuntamiento la intención de llevar a cabo el acto con una antelación mínima de quince días hábiles a la fecha en que pretenda comenzar su ejecución. La comunicación habrá de ir acompañada de la siguiente documentación:*

*a) Descripción técnica de las características del acto de que se trate o, en su caso, proyecto técnico legalmente exigible.*

*b) Manifestación expresa de que la comunicación previa presentada cumple en todos sus extremos con la ordenación urbanística de aplicación.*

### **2.- DATOS DE PARTIDA.**

**CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA: S.N.R.**

1.- A parcela sobre a que se empraza a vivenda, e sobre a que se pretende implantar unha "instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo, aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pole edificación na zona leste (Ordenanza nº 8 PXOM: NRL-2).

2.- A presente ordenanza establece unha altura máxima permitida de 6 metros.

### 3.- NORMATIVA E LEXISLACIÓN URBANÍSTICA.

#### INCUMPRIMENTO DETERMINACIÓNS DO PLANEAMIENTO E INCOMPATIBILIDADE AMBIENTAL.

1.- No apartado anterior xa se fai referencia que a parcela aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, e onde a ordenanza, entre outros parámetros, limita e pondera a altura (6 metros).

2.- Por outra banda deberase ter en conta o prescrito no artigo 91: “Adaptación ao ambiente”) da LSG (Normas de aplicación directa), así como o disposto no artigo 26 da LSG (actuacións prohibidas en solo de núcleo rural):

*Artículo 26. Actuaciones incompatibles.*

*1. En los núcleos rurales están prohibidas las siguientes actuaciones:*

*a) Las edificaciones y usos característicos de las zonas urbanas y aquellas cuya tipología resulte impropia en relación con las determinaciones del planeamiento.*

3.- A instalación comprende a instalación dunha torre. A tipoloxía e a altura que se consigna dentro dos datos técnicos que se aportan, tal e como se puido comprobar, é de 12 metros; duplicando a altura máxima permitida polo planeamento municipal para este ámbito en concreto. Polo que non se pode autorizar a implantación dunha instalación que ademais de contravir as determinacións do planeamento municipal, supón un impacto visual irreversible e unha agresión sobre as condicións ambientais do asentamento rural.

4.- Sobre o xa exposto no parágrafo anterior, cabe incidir no exposto no apartado 4.3. “Usos prohibidos”, apartado h) da ordenanza de aplicación ( NRL-2), a saber:

Apartado h): Aqueles usos que, xa sexa polo tamaño das construcións, pola natureza dos procesos de produción, polas actividades que van a desenvolver ou por outras condicións, aínda cumprindo cos requisitos da lexislación medioambiental, non sexan propios do asentamento rural.

5.- Con todo, e aínda que non se ten consignado o cumprimento da ordenación urbanística, tendo en consideración a documentación técnica obrante e a partir da análise realizada a partir do planeamento municipal, e de xeito concreto considerando a clase de solo (solo de núcleo rural) sobre o que se pretende actuar; temos a ben concluír que o “aeroxenerador a instalar sobre torre de celosía na traseira da finca” resulta un elemento **distorsionador** dentro do asentamento rural sobre o que se pretende instalar (aeroxenerador de 4 m de diámetro elevado sobre torre de 12 metros).

6.- Conclusión que tamén ven lexitimada polo disposto no artigo 91 da LSG (Normas de aplicación directa), e concretamente no relativo á exposición do seu apartado c), a saber:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados favoreceran a integración no entorno inmediato e na paisaxe.

7.- En consecuencia, e despois do xa exposto en relación co incumprimento do planeamento e normativa urbanística que aquí se pon de manifesto, procede se inicie o procedemento de declaración de ineficacia da presente comunicación previa.

#### 4.- DECLARACIÓN DE INEFICACIA.

##### PROCEDEMENTO A SEGUIR.

1.- A Lei 39/2015, no seu artigo 69 regula con carácter xeral a declaración de ineficacia da declaración responsable e comunicación, nos seguintes termos:

“4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación,

determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.

2.- Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaón do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación”.

3.- Na normativa urbanística autonómica a tramitación da declaración de ineficacia da comunicación previa de obras atópase regulada no artigo 362 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, que establece que os casos de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á comunicación previa presentada, conlevan previa audiencia á persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada.

4.- Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, á Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, establecendo que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Non constando regulación ou establecemento de prazo na normativa urbanística para ditar resolución expresa no procedemento de declaración de ineficacia. O prazo será de tres meses, contándose, nos procedementos iniciados de oficio, a partir do acordo de iniciación, concedendo trámite de audiencia antes da súa resolución.

## **CONCLUSIÓN.**

### **DECLARACIÓN DE INEFICACIA. INICIO DO TRÁMITE.**

1.- Por todo o dito este técnico informa desfavorablemente a comunicación previa presentada para a instalación de un aeroxenerador na parcela sobre a que se empraza a vivenda nº 31 do lugar de Xinzo (parroquia de Bastavales). Debéndose iniciar o tramite de declaración de ineficacia polos motivos expostos no presente informe, nos que se constata que a comunicación previa non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a execución de ditas obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**1º) INCOAR** expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por SANTIAGO ROMERO CES, para executar unha “instalación híbrida eólica - fotovoltaica para autoconsumo”: (4,54 Kw + 5,46 Kw = 10 Kw), a partir da instalación fotovoltaica (coplanaria) existente na edificación auxiliar emprazada na traseira dunha parcela sita no lugar de Xinzo nº 31 – Bastavales, segundo a memoria técnica asinada con data 07.03.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Juan Luis García Menéndez.

**2º) CONCEDER** ao interesado un prazo de audiencia de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da recepción da notificación deste acordo, a fin de que poida presentar as alegacións, xustificacións e documentos que estime oportunos singularmente sobre a posible eficacia da comunicación previa.

**3º) NOTIFICAR** este acordo de incoación do expediente de declaración de ineficacia da comunicación previa ao interesado, con expresión dos recursos pertinentes, tendo en conta que contra a incoación do expediente, por ser un acto de trámite, non cabe en principio recurso ordinario ningún, sen prexuízo da posibilidade de interpor os recursos que estime oportunos.

**SEXTO.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

a) Visto o expediente que se está a tramitar para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por ALBERTO MARTÍ EZPELETA, de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Osebe 23 – Bastavales, e resultando que o interesado non presentou alegacións no prazo de audiencia, e visto o informe desfavorable emitido polo arquitecto municipal do 10.03.2025, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

**1º) Declarar a ineficacia** da comunicación previa de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Osebe 23 – Bastavales, posto que segundo informe do arquitecto municipal de data 30.12.2024, as obras non se axustan a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en data 29 de agosto de 2006, e o certificado final de obra presentado non se axusta á realidade, polo que a comunicación previa non cumpre os requisitos esixidos na lexislación urbanística vixente para constituír título habilitante para a primeira ocupación pretendida.

**2º) Notificar** este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

**SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,18 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González